

En defensa do aforro, o emprego e o país

E STAMOS asistindo a un proceso de reordenación do sistema financeiro, impulsado polo Goberno Central e o Banco de España que sempre conlevou o risco de que Galiza perdera as súas caixas de aforros pola deslocalización dos seus centros de decisión, e que estas entidades de carácter social se transformasen en entidades financeiras privadas.

Fronte a este risco, a sociedade galega reaccionou conseguindo que o Goberno Central admitise a fusión que permitiu seguir contando cunha Caixa de Aforros Galega, o que abría a porta a poder manter unha entidade de carácter público que fose o apoio necesario ao desenvolvemento dos sectores produtivos do País.

A resposta do goberno central ao acto de afirmación do autogoberno non pode ser mais desalentadora: dítar un decreto que pode colocar a Caixa Galega en situación de ser absorbida por outras entidades ou entregada ao capital financeiro privado. Galiza ficaría sen un sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.

Conscientes da gravidade da situación manifestamos:

Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do País e como expresión do seu autogoberno. O Goberno Central debe reconsiderar o asunto e aceptar a decisión adoptada polas institucións galegas de manter unha entidade de seu, baixo control público e con carácter social.

Galiza ten dereito ao desenvolvemento económico baseado nos seus sectores produtivos estratéxicos.

Participa na manifestación

o día 13 de marzo, ás 12 horas,
na Alameda de Santiago de Compostela

Galiza debe defender o seu.

Defender os nosos sectores produtivos e un sector financeiro público é defender o noso futuro.

Postos de traballo e en condicións dignas na nosa terra.

Por outro modelo económico e social, non ao neoliberalismo.

Hoxe perigan, o sistema financeiro propio polo Decreto de "Reforzamento do sector financeiro", parte do sector enerxético como consecuencia do Decreto do Carbón, o sector lácteo polo baixo prezo a como se lle paga o litro de leite aos produtores o que pon en perigo de peche a centos de explotacións, o sector naval cunha enorme caída do emprego e a inxusta prohibición a antiga Astano de fabricación de buques ou o sector pesqueiro vítima unha vez máis de recortes de capturas imposto pola UE.

En todos estes casos, os ataques do goberno central poñen en perigo sectores básicos da nosa economía. Mentres a Xunta de Galicia renuncia a defensa dos nosos sectores produtivos e financeiro o desemprego segue aumentando en Galiza, chegando a un máximo histórico con 245.000 parados e paradas.

Non podemos consentir que Goberno Central, Xunta de Galicia, PSOE e PP, actuando ao servizo e en defensa dos intereses da banca e do capital financeiro en xeral, deixen morrer os nosos sectores produtivos e privaticen a Caixa de Aforros Galega, pondo en mans do capital privado un enorme patrimonio de todos os galegos e galegas e deixándonos sen un instrumento de carácter público, básico para desenvolvemento económico de Galiza.

Galiza ten dereito a contar cunha entidade financeira de seu, baixo control público para que o aforro dos galegos e galegas, preto de 50.000M€, se invista aquí, no canto de financiar o desenvolvemento doutros territorios como defende o Goberno Central coa complicidade do PSOE, PP e a Xunta de Galicia.



Confederación Intersindical Galega